

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2011

SRES. ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ

CONCELLEIRAS/OS ASISTENTES:

DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS
D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ
DONA ROCIO ANA LLOVO DEL RÍO
D. LUIS GARRIGOS VILLALBA
DONA MARÍA ELENA SUÁREZ SARMIENTO
D. ANTONIO CARBALLO BRIANES
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
DONA FLORA M^a A. RODRIGUEZ BARREIRO
D. JOSÉ MANUEL PARDAL GARCÍA
D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. XOSÉ CASTRO RATÓN
DONA ANA I. LORENZO FRAGA
D. XURXO C. ABUÍN RODRÍGUEZ
D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO
D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO

AUSENTE:

D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

SECRETARIA:

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA:

DONA CARMEN GÓMEZ OTERO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as dezasete horas do día 31 de outubro de 2011, baixo a Presidencia de D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ, e coa asistencia da Secretaria [secretaria], reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta das sesións anteriores de datas 26 de setembro de 2011, 6 de outubro de 2011 (2 actas) e 24 de outubro de 2011.
2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía do mes de setembro.
3. Dar conta dos informes de Tesourería e Intervención do Concello e da FPSDM contemplados na Lei 15/2010, de modificación da Lei de medidas contra a morosidade nas operacións comerciais correspondente ao 3º trimestre de 2011.
4. Aprobación inicial, se procede, do Regulamento polo que se aproba a creación e modificación de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Vilagarcía de Arousa.
5. Aprobación inicial, se procede, da Modificación dos Estatutos do Organismo Autónomo: Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.
6. Aprobación inicial, se procede, de modificación do acordo regulador do prezo público pola utilización das instalacións deportivas municipais.
7. Aprobación, se procede, da Modificación da Ordenanza Fiscal nº 15 Reguladora da taxa polo subministro de auga potable a domicilio e tarifas das acometidas, contadores e outros.
8. Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza fiscal nº 26 reguladora da taxa de depuración de augas residuais.
9. Aprobación, se procede, da Moción do Grupo Político Municipal de IVIL sobre mellora de servizos no vial de acceso ao porto e rede e enlaces ao mesmo.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Municipal do PSDG-PSOE, sobre as políticas en materia de control do gando mostrenco nos montes de Vilagarcía.
11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Municipal do PSDG-PSOE, sobre o mantemento do programa de compostaxe doméstica.
12. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político do PSdeG-PSOE sobre o mantemento dos centros educativos de Vilagarcía.
13. Solicitude presentada pola Agrupación de Produtores de Parques de Cultivo de Carril e da Confraría de Pescadores Santiago Apóstol de Carril en relación co proceso de reordenación dos parques de cultivo de Carril.
14. Solicitude presentada polo Colectivo de Afectados polas expropiacións da estrada de acceso ao Porto de Vilagarcía de Arousa realizada polo Ministerio de Fomento.
15. Dáse conta de solicitude presentada pola Federación de Pensionistas e xubilados de Galicia de CC.OO. en relación con medidas que aseguren o poder adquisitivo de pensionistas e xubilados.
16. Comparecencia da Concelleira Delegada de Cultura, Dona Angeles Rodríguez Barreiro.
17. Interpelacións.
18. Rogos e preguntas.

Antes de iniciar a sesión polo Sr. Alcalde dáse conta do escrito de renuncia presentado polo Sr. Rivera Mallo ao cargo de Concelleiro con data 31 de outubro de 2011, que di:

SR. Alcalde, ao despedirme da xestión municipal, quero manifestar a miña gratitude a Vde. e a tódolos compañeiros de Corporación pola actitude de respecto e consideración que sempre me dispensaron xenerosamente, á par que agradecerlles que saiban desculpar as molestias que puidera ter causado a calquera persoa no fragor da política.

Desexándolles os maiores éxitos a esa Alcaldía e, en xeral, a toda a Corporación para ben de Vilagarcía e os Vilagarcíans, e ofrecéndome incondicionalmente a disposición de todos vostedes para canto contribúa ao benestar dos cidadáns, lles envío un cordial saúdo.“

O Sr. Alcalde indica que este asunto se incluírá na Orde do Día do Pleno de Novembro.

O Sr. Alcalde en nome da Corporación Municipal súmase ao respecto mutuo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 26 DE SETEMBRO DE 2011, 6 DE OUTUBRO DE 2011 (2 ACTAS) E 24 DE OUTUBRO DE 2011..- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas.

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.- Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións emitidas pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE SETEMBRO DE 2011:

- 45 Concesión de licenza de obra menor.
- 2.- Imposición multa infracción horario peche local.
- 3.- Concesión de licenza de segregación de fincas.
- 3.- Legalización de obras.
- 4.- Concesión de licenza de primeira ocupación e conexión auga e saneamento.

- 2.- Aprobación de gasto taxa publicación de anuncio no BOP.
- 5.- Concesión de acometida á rede de auga e/ou saneamento.
- 2.- Declaración desestímulo escrito transmisión de licenza actividade/apertura.
- 8.- Concesión de licenza de obra maior.
- 1.- Aceptación de cesión de terreos.
- 1.- Concesión de licenza definitiva actividade.
- 5.- Concesión de licenza de apertura de establecemento.
- 1.- Concesión de licenza provisional de actividade.
- 1.- Designación Encargado en funcións do servizo de desenvolvemento ambiental.
- 1.- Concesión de gratificación especial por diferenza de complementos.
- 1.- Designación Xefa accidental da Sección de Rendas.
- 1.- Designación Encargado Acctal. do Servizo de Emerxencia.
- 1.- Designación Encargado en funcións do servizo de mantemento da FPSDM.
- 1.- Non estimación de reclamación por extemporaneidad de citación remitida pola Oficina de Emprego para selección de Técnico Medio en Orientación Profesional.
- 1.- Aprobación realización trámite de audiencia a funcionario por expediente falta leve.
- 1.- Contratación docente de percusión para Conservatorio de Música.
- 5.- Nomeamento funcionario/a interino/a Conservatorio Profesional de Música.
- 1.- Recoñecemento e abono en nómina de servizos en domingo.
- 1.- Recoñecemento e abono en nómina de servizos xornada nocturna.
- 1.- Recoñecemento de obrigación e ordenación pagamento aportación plan de pensións mes de agosto.
- 5.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 1.- Orde axustar obras a licenza concedida
- 1.- Desestimación de recurso de reposición contra resolución alcaldía imposición multa coercitiva.
- 1.- Orde presentación informe-ditame de seguridade edificio.
- 3.- Arquivo expediente reposición legalidade urbanística.
- 2.- Arquivo expediente orde cumprimento medidas de seguridade en inmovible.
- 2.- Imposición multa coercitiva por incumplimento orde execución.
- 6.- Orde limpeza maleza predio
- 1.- Remisión expediente administrativo a Xulgado Cont. Adtvo. nº 3 de Pontevedra.
- 6.- Orde representación e defensa intereses do Concello por letrado en procedemento xudicial.
- 1.- Orde a Oficina Técnica Municipal de elaboración documentación para agrupación parcelas para regularización Catastro expediente de subsanación de erros.
- 1.- Desestimación de recurso de reposición contra liquidacións ICIO, Taxa Licenzas urbanísticas e Taxa licenza primeira ocupación.
- 1.- Aprobación de liquidación por ICIO.
- 1.- Iniciación de oficio expedientes sancionadores de tráfico.
- 1.- Aprobación gasto subministro gasoil para Colexio Anexo A Lomba.
- 5.- Concesión de faccionamento de débeda.
- 1.- Cancelación anticipada de operación de tesourería.
- 21.- Orde pago facturas.
- 4.- Recoñecemento de obrigación.

TOTAL: 162

O Concello Pleno queda sabedor

3.- DAR CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN DO CONCELLO E DA FPSDM CONTEMPLADOS NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2011..-

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e informe da Intervención Municipal, do terceiro trimestre de 2011, emitidos segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O informe da Interventora indica que no terceiro trimestre de 2011 a relación de facturas, con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento de obriga, ascende á contía de 602.659,44 €.

O informe da Tesoureira pola súa parte sinala que as facturas/certificacións de obra rexistrados/expedidas con anterioridade ao 12 de agosto de 2011, contabilizadas e que figuran como pendentes de pago, incumprindo o prazo de 50 días fixado pola Lei 15/2010, ascenden á contía de 1.858.454,31 €. e que as obrigas recoñecidas pendentes de pago a 20/10/2011 ascenden á cantidade de 6.093.782,87 €.

Así mesmo fai constar que as facturas pagadas fóra de prazo ascende á contía de 382.031,41 €.

Polo que respecta á Fundación de Deportes no 3º trimestre de 2011 (a 30-09-2011) as obrigas pendentes de pago incumprindo o prazo de 50 días ascenden a 175.166,96 €.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Polo Sr.Alcalde al térase a orde do día procedéndose a tratar en primeiro lugar as solicitudes formuladas polos distintos colectivos:

13.- SOLICITUDE PRESENTADA POLA AGRUPACIÓN DE PRODUTORES DE PARQUES DE CULTIVO DE CARRIL E DA CONFRARÍA DE PESCADORES SANTIAGO APOSTOL DE CARRIL EN RELACIÓN CO PROCESO DE REORDENACIÓN DOS PARQUES DE CULTIVO DE CARRIL..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta dos escritos presentados pola Agrupación de Produtores de Parques de Cultivo de Carril e Confraría de Pesacores Santiago Apostol de Carril, no que solicitan a intervención no Pleno así como a adopción do seguinte acordo polo Pleno Municipal:

1º.- Solicitar da Consellería do Mar e da Xunta de Galicia un apoio claro das liñas de desenvolvemento e de futuro que están intentando poñer en práctica os parquistas de Carril: Peche de ciclo produtivo con posta en funcionamento de criadoiro e batea de preengorde, busca de denominación propia para a ameixa de Carril e avances do eido da comercialización e na mellora de calidade das augas e o produto.

2º.- Considerar como negativa a iniciativa proposta pola Consellería do Mar de iniciar un Novo Proceso de Revisión e Reordenación dos parques de Cultivo de Carril, deixando sen validez todo o avanzado no proceso actual (Decreto 158/91 en vigor) e colocando aos parquistas nun

terreo de inseguridade nas súas concesións, todo isto moi negativo de forma particular na crise actual.

3º.- Solicitar, polo tanto, da Consellería do Mar e Xunta de Galicia a anulación do mencionado Novo Decreto de Revisión e Reordenación dos parques de cultivo de Carril, e rematar o antes posible co actual proceso en marcha (Decreto 158/91).

4º.- Solicitar, así mesmo, da Administración autonómica, e tamén do Goberno Central, toda a axuda posible para as liñas de desenvolvemento e de futuro que están intentando poñer en práctica os parquistas de Carril”.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP, EU-IU e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente o escrito presentado pola Agrupación de Produtores de parques de cultivo de Carril e da Confraría de Pescadores Santiago Apostol de Carril.

- Interveñen os representantes da Agrupación de Produtores de Parques de Cultivo e da Confraría de Pescadores de Carril para expoñer as súas reivindicacións.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o 29 de outubro de 2011 presentouse un escrito da Asociación Virxe do Carme e dáse lectura polo Alcalde do devandito escrito. Tamén da lectura a continuación aos 4 apartados que contén o escrito da Agrupación de Produtores de Parques de Cultivo.

O Grupo de Goberno coincide co exposto polos 2 representantes que recriminan o silencio da Consellería de Pesa e piden información e ser escoitados.

O Grupo de Goberno intenta modificar a petición dos colectivos. Están de acordo coa parte expositiva e coa obriga da Consellería e o Concello de apoiar ese sector e fixar axudas ou plans.

Nos puntos 2 e 3 do escrito faise referencia a un novo Decreto, que aínda non se coñece, e solo hai diferentes opinións.

En canto ao punto 1º están de acordo e tamén a favor do punto 4º.

Propón aos tres colectivos apoiar o punto 1º e 4º e cambiar os puntos 2 e 3 por un novo apartado:

“Dende a Corporación Municipal se fagan xestións ante a Consellería do Mar para que se leve a cabo ese diálogo que os parquistas piden, para que tódalas dúbidas se comuniquen e consensuen co sector. Que o Alcalde inicie esas xestións para ter un diálogo entre ambas partes”

Pregunta ós propoñentes se están de acordo e cal é a opinión dos Grupos da Corporación con respecto a esta proposta do Grupo de Goberno.

- Intervén o representante da Agrupación de Parquistas dicindo que o Decreto 158/91 elaborouse de acordo cos parquistas e conseguíuse regularizar o 90%. Non sabe por que se

quere anular o citado Decreto e non saben en que quere mellorar porque non vislumbran ningunha mellora.

Van a defender o seu traballo e queren que se vote o seu escrito tal e como está.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que agradece aos cidadáns que estean aquí e pide que se poñan mais butacas e mais cómodas para o público asistente.

Manda un saúdo a un compañeiro agredido pola Policía Marroquí (Willy Meyer) por defender o pobo saharai.

Di que está agradecido e satisfeito que interveña mais dunha persoa nun mesmo tema, e que se introduza ese debate e que poidan revatir ao Alcalde como hoxe.

O Grupo Municipal de EU solicita do Alcalde que se acepte ese debate.

Manda un reproche xa que non se convidou ao Grupo Municipal de EU ás xornadas da fin de semana. Di que os convidou a agrupación de parquistas.

Indica que en Vilagarcía de Arousa hai mais de 3.000 desempregados e o mar debe dar postos de traballo. É necesaria unha lexislación que empregue mais persoas, non van a defender a tódolos parquistas por que non todos son iguais, defenderan aos autónomos, pero non ás empresas ou aqueles que acumulan varios parques. Dentro deses colectivos hai empresas que utilizan traballadores de forma irregular. Debe haber legalidade absoluta. Non queren Confrarías, nin Deputacións, debe ser xestionado polo público. Quere saber por que o anterior Decreto era bo, e o actual é malo. Non deben existir abusos, nin acumulación de metros.

Non se pode tratar a todos por igual, cantos dos parques son de xente de Carril, de xente de fora e cantos metros teñen en concesión.

EU ten claro que non vai a consentir actuacións da Xunta de Galicia en contra da xente do mar e non van aprobar xeneralidades. Queren información e que sexa un modo de vida para todos. Que o novo Decreto da Xunta xere certeza pero non xere desigualdade e débense aclarar algúns temas.

O Alcalde facía unha proposta, pero deben intervir os representantes do sector. EU non se posiciona nin a favor nin en contra. Están para defender os intereses de todos e están ao seu dispor. Esperan unha xuntanza de traballo.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que o Alcalde non respectou o Regulamento de Participación Cidadá e se buscaba un consenso tiña que ter feito con anterioridade o diálogo coa Confraría.

Solidariedade con Willy Meller. Apoio á Confraría e Asociación de Parquistas. Son 656 familias. A Consellería de Pesca presenta un novo Decreto nun discurso preparado na Festa da Ameixa e parece chantaxear ao sector, e levar a cabo un acoso e derribo á agrupación de parquistas de Carril e lanza unha mensaxe sen trasladar o alcance desa mensaxe.

O PP é un partido que se agacha, o día 22 de outubro no Gato Negro convidouse ao representante do Parlamento e dixo alí que non se coñece o Decreto e que non se preocupen.

O BNG dende aquí manifesta un apoio incondicional no Pleno e no Parlamento Galego aos parquistas.

- Intervén a SRa. García Sanmartín pedindo ao Alcalde que se preste un micrófono aos intervincentes como ocorría no anterior Goberno Municipal.

En primeiro lugar agradece ao público a súa intervención, tanto da agrupación de parquistas como da confraría.

Continúa dicindo que a Conselleira na Festa da Ameixa de Carril anunciou un novo Decreto e agora o Alcalde ofrécese a mediar. O PSdeG-PSOE solicita ao Alcalde incluír un apartado 5º de mediar o Alcalde ante a Consellería de Pesca.

Amosa o apoio incondicional aos parquistas de Carril. O seu apoio aquí e no Parlamento de Galicia e o voto será favorable.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se así se decide vai a mediar no que faga falta, xa que aínda estando na oposición tamén o fixo e resalta que cando o PP pediu a Festa de Interese Galego para a Ameixa de Carril, o PSdeG-PSOE e o BNG votaron en contra.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo ao Alcalde que asuma a súa responsabilidade e Goberne. No seu día os concelleiros dixeron que a Ameixa de Carril fora impulsada polo Sr. Gago, e levou ao Ministerio a declaración de Festa Nacional.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que poden comprobarse as festas de interese autonómico e non está declarada a festa da Ameixa como tal. A proposta que facía era a seguinte:
“Instar ao Goberno Local a realizar xestións para que a Consellería do Mar se reúna co Sector de parques de cultivo de Carril para informar do desenvolvemento e contido do novo Decreto da Xunta de Galicia”.

A seguir sométese a votación polo Sr. Alcalde cada un dos apartados por separado:

VOTACIÓN 1º apartado.- Con dezaoito votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (10), PSdeG-PSOE (5) e BNG (3) e dúas abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal de EU (2),

ACÓRDASE: Solicitar da Consellería do Mar e da Xunta de Galicia un apoio claro das liñas de desenvolvemento e de futuro que están intentando poñer en práctica os parquistas de Carril: Peche de ciclo produtivo con posta en funcionamento de criadoiro e batea de preengorde, busca de denominación propia para a ameixa de Carril e avances do eido da comercialización e na mellora de calidade das augas e o produto.

VOTACIÓN 2º apartado.- Con oito votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5) e BNG (3) e doce abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (10) e EU (2),

ACÓRDASE: Considerar como negativa a iniciativa proposta pola Consellería do Mar de iniciar un Novo Proceso de Revisión e Reordenación dos parques de Cultivo de Carril, deixando sen validez todo o avanzado no proceso actual (Decreto 158/91 en vigor) e colocando aos parquistas nun terreo de inseguridade nas súas concesións, todo isto moi negativo de forma particular na crise actual.

VOTACIÓN 3º apartado.- Con oito votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5) e BNG (3) e doce abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (10) e EU (2),

ACÓRDASE.- Solicitar, polo tanto, da Consellería do Mar e Xunta de Galicia a anulación do mencionado Novo Decreto de Revisión e Reordenación dos parques de cultivo de Carril, e rematar o antes posible co actual proceso en marcha (Decreto 158/91).

VOTACIÓN 4º apartado.- Con dezaoito votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (10), PSdeG-PSOE (5) e BNG (3) e dúas abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal de EU (2),

ACÓRDASE.- Solicitar, así mesmo, da Administración autonómica, e tamén do Goberno Central, toda a axuda posible para as liñas de desenvolvemento e de futuro que están intentando poñer en práctica os parquistas de Carril”.

Asúmese así mesmo o compromiso de mediación por parte do Alcalde.

14.- SOLICITUDE PRESENTADA POLO COLECTIVO DE AFECTADOS POLAS EXPROPIACIÓNS DA ESTRADA DE ACCESO AO PORTO DE VILAGARCÍA DE AROUSA REALIZADA POLO MINISTERIO DE FOMENTO..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado polo Colectivo de afectados polas expropiacións da estrada de acceso ao Porto de Vilagarcía no que solicitan a intervención dunha persoa en representación do Colectivo no Pleno Municipal e se acorde instar ao Ministerio de Fomento a efectuar de forma inmediata o pagamento de todas as indemnizacións correspondentes ás expropiacións da estrada de acceso ao Porto de Vilagarcía de Arousa incluíndo os xuros de demora.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE, BNG, EU e IVIL informan favorablemente.

As/os representantes do grupo político municipal de PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente o escrito presentado polo Colectivo de Afectados polas expropiacións da Estrada de acceso ao Porto de Vilagarcía de Arousa

- Intervén o Sr. Fernández Martínez dicindo en resume que os días 8 e 9 de novembro de 2011 van a cobrar algúns veciños e outros non.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que EU dixo moitas veces que se a Corporación respalda un tema como este e logo non se fai nada e suceden estas cousas. Preocúpanse os gobernos de devolver a débeda aos Bancos Alemáns. Cartos para as xubilacións millonarias de Caixanova. Este Estado non funciona, non é normal que se deixe en pelotas aos veciños que se lles expropiaron os seus bens.

Co que se gastou na comilona da inauguración da estrada tiñan os veciños resoltos o problema.

A EU non se lle deixou entrar nos actos da inauguración.

Mentres o Estado incumpre cos veciños, o Ministerio de Fomento vai seguir sen pagar. Pide que se declare persoa non grata aos representantes que veñan aquí do Ministerio de Fomento. Que haxa unidade na reivindicación e o Ministerio de Fomento non sexa ben recibido.

Este é un país normal e os gobernantes prefiren pagar aos Bancos antes que aos veciños.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que o BNG está de lado dos veciños de Sobradelo e de Rubiáns. O Goberno Local debe velar polo dano causado pola obra en Sobradelo, Rubiáns, e corrixir a situación de Lago. Hoxe volvese a asumir ese criterio e na parte que poidan estarán aquí e nos próximos días estará a Deputada en Madrid para empuxar no Congreso o aboamento das expropiacións e as obras de reparacións.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSdeG-PSOE vai a compartir as reivindicacións dos veciños e teñen o seu apoio e fixeron as súas xestións, pois isto non é un acto caprichoso do Ministro e ven dado pola pouca posibilidade orzamentaria. Van a reivindicar o pronto pago. É unha infraestrutura de vital importancia para Vilagarcía e falaran cos representantes do PSdG-PSOE no Congreso do Estado.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non é un problema novo. O Ministro de Fomento é coñecedor desta situación, pois no verán anda por aquí. Non se fixo ningunha xestión mais polo goberno local a pesar da proximidade co Ministro, é xusto o que se reivindica e débese comunicar o motivo aos veciños que non se lles paga. Estamos a tempo de presentar reivindicacións e facer o seguimento do acordo ante o Ministerio de Fomento e estudar a posibilidade de levar a cabo pequenas actuacións aínda que algunhas son competencia do Ministerio de Fomento.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes no Pleno (20 de 21),

ACÓRDASE: Apoiar o escrito do Colectivo de afectados polas expropiacións da estrada de acceso ao Porto de Vilagarcía de Arousa e instar ao Ministerio de Fomento a efectuar de forma inmediata o pagamento de todas as indemnizacións correspondentes ás expropiacións da estrada de acceso ao Porto de Vilagarcía de Arousa incluíndo os xuros de demora.

15.- DÁSE CONTA DE SOLICITUDE PRESENTADA POLA FEDERACIÓN DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DE GALICIA DE CC.OO. EN RELACIÓN CON MEDIDAS QUE ASEGUEN O PODER ADQUISITIVO DE PENSIONISTAS E XUBILADOS..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Traballo e Benestar Social, en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta de escrito presentado pola Federación de Pensionistas e Xubilados de Galicia de CCOO no que solicitan que o Pleno do Concello inste ao Goberno e ó Parlamento da Nación que saian esixidos nas próximas eleccións xerais a manteren o espírito de consenso do Pacto de Toledo, o respecto ás súas propostas, e a poñeren en marcha as medidas oportunas que aseguren a recuperación do poder adquisitivo dos pensionistas e xubilados afectados pola conxelación das pensións en 2011.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais aprobouse, por unanimidade, e por razón de urxencia tratar os seguinte escritos non incluídos na Orde do día que acompañaba a convocatoria:

16.- ESCRITO PRESENTADO POLA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN DO X ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA..- Dáse conta do escrito presentado pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, coa data de 25 de outubro de 2011, no que solicitan:

1º.- Que os compromisos asumidos polo Concello de Vilagarcía de Arousa en relación á organización do X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia sexa tratado no próximo Pleno da Corporación de ese Concello.

2º.- Que por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa se asuma entre os seus compromisos o aboamento da cantidade de 20.973,66 €.

3º.- Que a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial como propietaria da marca ENCONTRO DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS DE GALICIA, e polo tanto responsable da súa imaxe, poida intervir no Pleno onde se trate o punto anterior.

- Intervén un representante da Federación é di que o Concello quedou en aportar 40.000 € e solicitan que o Concello asuma 20.973,66 € que é a débeda que existe do Encontro celebrado neste verán.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que isto é un exemplo da falta de democracia o Alcalde cando tomou posesión dixo que os veciños serían recibidos en 30 días, e levan mais de 100 días sen recibilo. O anterior Goberno non asumiu por escrito os compromisos económicos. O Alcalde foi ao Encontro a sacar a foto e a dicir que se repetirá en Vilagarcía o Encontro de Embarcacións, pero non se escoita ao colectivo e incumpren a promesa electoral de recibir aos veciños. Se non asume esta responsabilidade non vai poder celebrarse en Galicia mais encontros.

A Corporación debe asumir este custo, EU esixe responsabilidade e coherencia.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que é un tema polo que lles van a tirar os trastos aos que tiveron responsabilidade de Goberno. É un evento bo para Carril e Vilagarcía e debe repetirse en 2013, e no orzamento de 2012 debe encaixarse este tema, e o BNG ofrécese como corresponsable.

- Intervén a Sra. García Sanmartín incidindo na falta de talante e de diálogo do Grupo de Goberno. As palabras as leva o vento. Foi un reclamo turístico e o Alcalde non os recibe. Hai unha factura pendente de pago e o Alcalde debe ter o detalle de recibilos.

Teñen o apoio do PSdeG-PSOE e debe solventarse esa situación económica de déficit.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que tivo unha reunión coa persoa que falou no Pleno. A loxística pode que non fora a perfecta. Nesa reunión lle dixo que non podía o Concello asumir unha aportación económica.

O anterior Goberno foi deixando compromisos por escrito sen asumir. Dende o 22 de maio de 2011 e dende o 11 de xuño encontráronse con moitas sorpresas, pero hai acordos que había pero deses 40.000 € e deses 20.000 € non hai nada.

En Intervención non hai partida económica para estes 20.000 € e hai que buscar solucións, neso está dacordo.

Bríndase a estudar este asunto e buscar solucións e responsabilidades. Foi unha irresponsabilidade do anterior Goberno.

Continúa dicindo que hoxe vaise a tomar unha decisión determinada pero se reanudarán as conversas.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que desde o primeiro día ofreceu unha liña de traballo e co Encontro de Embarcacións así se fixo. Non reprocha a decisión pero o Alcalde coñece este tema e sabe a cortesía que houbo no traspaso de poderes. Quere arrimar o ombreiro e axudar ao Alcalde. Hai que distinguir entre os problemas de liquidez e o orzamentario.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que é increíble a falta de consideración cara os demais que practica o Alcalde, por que non volveu a quedar con estas persoas. Hai acordos anteriores que o Alcalde asume e outros non.

EU está sempre no mesmo sitio. As solucións tómanse no Pleno, se ten solución díganlo no Pleno.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que falla a loxística e falla o diálogo, e pide que se lle pague de inmediato ao colectivo.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3) e EU (2) e dez votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (10)

Repetida a votación dá o mesmo resultado polo que co voto de calidade do Sr. Alcalde,

ACÓRDASE: O Concello de Vilagarcía de Arousa non asumirá entre os seus compromisos o aboamento da cantidade de 20.973,66 € derivada do déficit do X Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia.

17.- APROBACIÓN DE PROCEDE DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA PARA ASEGURAR A CONTINUIDADE DOS 150 POSTOS DE TRABALLO DO GRUPO ALFAGEME e SOLICITUDE DA FEDERACIÓN AGROALIMENTARIA DE CC.OO. EN GALICIA EN RELACIÓN CO MESMO TEMA.-

A seguir, sendo as 20:00 horas, suspéndese a sesión durante dez minutos.

Sendo as 20:10 horas reanúdase a sesión.

A seguir pola Secretaria dáse conta da Moción do teor seguinte:

MOCIÓN DE URXENCIA: APOIO INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA, PARA ASEGURAR A CONTINUIDADE DOS 150 POSTOS DE TRABALLO DO GRUPO ALFAGEME.

A conserva, como industria de transformación dos produtos do mar, debe ser un sector estratéxico do emprego e da economía galega e dela dependen un gran número de postos de traballo directos e indirectos no noso Concello e na comarca do Salnés. Polo tanto a Administración debe facer todo o posible para a supervivencia dos postos de traballo neste sector porque son imprescindibles para o noso desenvolvemento económico.

Dende hai tempo, somos coñecedores da grave situación que están a pasar os traballadores/as da conserveira Alfageme debido á ameaza de peche das súas plantas. Levan loitando incansablemente, desde hai moitos meses, pola defensa dos seus postos de traballo e cando semellaba que se acadaba unha solución, grazas a que o “Consortio conservero” comprometíase a facerse cargo das plantas de Alfageme mantendo, ademais, todos os postos de traballo, actualmente todo volve a estar nunha situación de máxima gravidade.

Desde o principio do conflito os/as representantes das traballadoras mantiveron contactos cos Alcaldes e Alcaldesas denunciando a situación pola que está a pasar a empresa, conseguindo os apoios de todos e todas elas.

A día de hoxe o “Consortio Conservero”, único comprador, que presenta un plan industrial serio, e que ten un acordo laboral coas Centrais Sindicais e coa propia Xunta de Galiza para manter todos os postos de traballo ameaza con retirar esta oferta se non ten un compromiso firme antes de finais de mes. E chegados a estas datas existe desconfianza de que este conflito siga dilatándose no tempo e, como consecuencia, o “Consortio Conservero” retire a súa oferta.

Ademais a Xunta de Galiza, non se compromete a executar os avais para proceder ao auto de liquidación mentres estean no proceso xudicial e as sentenzas non sexan firmes.

Ao mesmo tempo somos sabedores de que a situación actual pola que está a pasar este conflito beneficia única e precisamente á “familia Lago” que son os culpables de que Alfageme entrara en concurso e como recoñece a Administración Concursal cualificando o concurso de “culposo”, e condenándoos a 10 anos de inhabilitación para exercer como Empresarios.

Diante desta situación agardamos que todos os cargos das diferentes administracións galegas que nalgún momento tivero contacto co colectivo de traballadoras/es mostrándolles o seu apoio o sigan mantendo.

É por isto que, o Grupo Municipal do BNG, recollendo a preocupación e reivindicación das e dos traballadores do GRUPO ALFAGEME, propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Vilagarcía insta á Xunta de Galiza para que, con urxencia, adopte as medidas precisas que permitan a continuidade da actividade laboral do cadro de persoal, 150 postos de traballo, do Grupo Alfageme ameazados polo proceso de atrancos na adquisición da empresa polo “Consortio Conservero”, por resultar posible e xusto e máis por ser a comarca de O Salnés unha das que padece un dos mais grandes nivel de desemprego das de toda Galiza.

Vilagarcía de Arousa, 28 de outubro de 2011.

Xosé Castro Ratón.

Dáse conta así mesmo do escrito presentado pola Federación Agroalimentaria de CC.OO en Galicia, que solicitan se someta a consideración e votación do conxunto da Corporación o seguinte:

“O Concello de Vilagarcía, insta á Xunta de Galicia, a que se subroque nos avais do Grupo Alfageme, facéndose propietaria da débeda, co obxectivo de facilitar a venda inmediata do grupo ó Consortio Conservero, de tal forma que se poida continuar co emprego e a produción da empresa na Comarca.

- Intervén un representante de CC.OO. que pide aos gobernantes unha resposta positiva, para impedir por que se perdan os postos de traballo de Alfageme.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que se desaparecen as dúas fábricas de Alfageme sería grave, pois habería tamén vítimas indirectas. A familia Lago utiliza a especulación inmobiliaria e conseguiron esa maraña xudicial que pesa sobre as traballadoras.

Agora os Concellos deben poñer a súa voz ao lado da causa das traballadoras e a Xunta de Galicia debe activar a venda ao Consortio Conservero. Esta Corporación debe sumarse á iniciativa.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso agradecendo ás traballadoras a súa presenza. Aquí falase do emprego de 150 familias. Isto deriva de Conservas Peña. A día de hoxe non se pode permitir despidos e destrución de emprego. Agora os poderes públicos miran para outro lado. A Xunta de Galicia puxo cartos para moitas empresas e débese poñer agora aquí, pois influirá na economía real de Vilagarcía de Arousa.

O conxunto da Corporación debe comprometerse a que a Xunta de Galicia cumpra o prometido.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSdeG-PSOE vai a aprobar as dúas iniciativas, por que están en risco os empregos das familias. O seu apoio aos traballadores e esixir á Xunta de Galicia que cumpra os seus compromisos.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que dende o PP apoian o escrito de CC.OO. e a moción do BNG e os grupos que os antecederon deberían estar de acordo. Pero o problema non é a Xunta de Galicia, pois a Consellería de Economía, o 24 de outubro de 2011 nunha reunión cos representantes dixo estar preocupada pola resolución do concurso de acredores, e a Xunta de Galicia nesa reunión cos sindicatos ofreceulle unha liña de financiamento de mais de oito millóns de euros para a empresa que adquira o Grupo Alfageme. O PP apoia ás traballadoras.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde o escrito da Federación Agroalimentaria de CC.OO da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Instar á Xunta de Galicia, a que se subroque nos avais do Grupo Alfageme, facéndose propietaria da débeda, co obxectivo de facilitar a venta inmediata do grupo ó Consorcio Conserveiro, de tal forma que se poida continuar co emprego e a produción da empresa na Comarca.

Sometida a votación polo Sr. Alcalde a Moción do Grupo Municipal do BNG, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG e instar á Xunta de Galiza para que, con urxencia, adopte as medidas precisas que permitan a continuidade da actividade laboral do cadro de persoal, 150 postos de traballo, do Grupo Alfageme ameazados polo proceso de atrancos na adquisición da empresa polo “Consortio Conserveiro”, por resultar posible e xusto e máis por ser a comarca de O Salnés unha das que padece un dos mais grandes nivel de desemprego das de toda Galiza.

4.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO POLO QUE SE APROBA A CREACIÓN E MODIFICACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta do proxecto de Regulamento e do informe da Secretaria Xeral, indicando a tramitación do regulamento seguinte:

- a. Aprobación inicial polo Pleno da Corporación por maioría simple.
- b. Información pública con publicación no B.O.P. e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c. Resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.
- d. A entrada en vigor producirase tras a súa publicación íntegra no B.O.P. e unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles desde esta, polo posible impugnación polo Estado ou a Comunidade Autónoma.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais do PP e B.N.G., informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do Regulamento polo que se aproba a creación e modificación de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Intervén o Alcalde dicindo que é unha aprobación inicial e se trata de modificar algúns ficheiros existentes e crear uns novos.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezoito votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (10), PSdeG-PSOE (5) e BNG (3) e dúas abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal de EU (2),

ACÓRDASE: Por maioría a aprobación inicial do Regulamento polo que se aproba a creación e modificación de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Vilagarcía de Arousa. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión durante o prazo de información pública de trinta días entenderase definitivamente adoptado do acordo..

5.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO ORGANISMO AUTÓNOMO: FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Fundación de Deportes do teor seguinte:

ASUNTO: MODIFICACIÓN ESTATUTOS FUNDACIÓN DE DEPORTES.

Os Estatutos da Fundación de Deportes datan do ano 1994, sen embargo o inicio da actividade da Fundación de Deportes como organismo autónomo con orzamento propio

realizase a partir do ano 1997, o que dá lugar a unha modificación dos estatutos no ano 1998 para adaptalos á realidade de funcionamento.

A Fundación de Deportes foi o primeiro, e ata agora único, organismo autónomo do Concello de Vilagarcía de Arousa e crease co obxectivo de tutelar, promover, instituír e coordinar o deportes como parte fundamental no crecemento e formación humana de toda persoa. Neste contexto era necesario dotalo dunha estrutura organizativa que axudara a dar os primeiros pasos, creando unha base sólida que garantise a permanencia e funcionamento de toda as actuacións en materia do deporte local. Co este obxectivo, ante a falta de persoal propio e o pouco persoal adscrito co que contaba a Fundación de Deportes, créanse varios órganos de goberno e administración que apoian ó Presidente no labor de dar continuidade ó organismo autónomo (Xunta Rectora e Consello de Xerencia).

A situación actual e distinta á dos primeiros momentos, a Fundación está totalmente consolidada, conseguindo ó longo destes anos aumentar as instalacións deportivas, as actividades deportivas, os eventos...etc., contando con mais persoal adscrito e incluso persoal eventual. O volume da Fundación de Deportes precisa neste momento dunha estrutura mais áxil e dinámica, e que o mesmo tempo permita a participación de todas as entidades, estamentos sociais e políticos con inquietudes no ámbito do deporte local.

Débase destacar que tendo en conta a antigüidade dos Estatutos da Fundación de Deportes, os mesmos están totalmente desactualizados, tanto no que respecta á lexislación vixente, como en materia organizativa. Por estes motivos nos últimos meses estívose traballando na confección duns novos estatutos que permitan a adaptación a lexislación vixente, así como as novas necesidades do organismo autónomo.

As modificacións máis importantes se reflíctense na estrutura organizativa, que se adapta ó establecido no artigo 85 bis Lei 7/1985 de Bases de Réxime local, modificado pola Lei 57/2003 de Medidas para a modernización do Goberno Local para dotar dunha maior dinamización dos órganos de goberno, e na Lei 6/1997 de Organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado. En consecuencia, dótase á Fundación de Deportes dun Consello Reitor (que substitúe á Xunta Rectora), un Presidente, un Director Deportivo (de nova creación) e un Órgano Consultivo (de nova creación), eliminándose o Consello de Xerencia, pasando as súas competencias ao Presidente.

Por outra banda en materia de persoal, unha xestión integrada e eficiente do conxunto do persoal municipal aconsella a modificación da posibilidade anteriormente existente de que a Fundación puidese realizar a contratación directa do mesmo. Por elo a Fundación poderá propoñer a creación de prazas ou solicitar a adscrición de persoal dende o Concello, pero en todo o caso o persoal que presta servizos no organismo autónomo queda integrado na Plantilla do Concello de Vilagarcía vencellado ao organismo autónomo mediante súa adscrición ao mesmo. Esta modificación non afecta ao persoal que actualmente presta servizos no organismo autónomo e que en todos os casos xa se trata de persoal adscrito ao mesmo.

Tamén cabe destacar que procedería a adaptación dos estatutos a lexislación vixente en materia de contratación, Lei de Contratos do Sector Público (Lei 30/2007), que se recolle tanto nas competencias do Consello Reitor coma do Presidente. Os estatutos vixentes ata agora recollen taxativamente as competencias en materia de contratación para o Presidente da Fundación de Deportes, regulados nos artigos 21 e 22 da Lei 7/1985 (Lei de Bases de Réxime Local) vixente naquel momento que establecía o límite do 5% dos recursos ordinarios do orzamento, aspectos que foron derogados pola Lei de Contratos do Sector Público, tal e como se reflícten na disposición adicional segunda da citada Lei, que fixa o límite no 10% dos recursos ordinarios do orzamento. Sen embargo na proposta dos novos estatutos mantense o

límite do 5% dos recursos ordinarios do orzamento para fixar a competencia de contratación do Presidente da Fundación de Deportes.

Considerando que os novos estatutos implican unha modificación total dos anteriores, remitiuse copia dos mesmos a todas as organizacións políticas e membros actuais da Fundación de Deportes, ademais se puxo en coñecemento das entidades deportivas, veciñais e calquera persoa ou entidade con interese no Deporte Local, ós efectos de recoller todas as opinións posibles.

Vilagarcía de Arousa, 17 de outubro de 2011.

O Presidente da Fundación de Deportes.

Asdo.: Luís Garrigos Villalba.

- Intervén o Sr. Serén Mera dicindo que o Grupo Municipal do PSdG-PSOE vota en falta a intención de facer un Regulamento do Órgano Consultivo

- O Sr. Garrigós Villalba contéstalle que se fará polo propio Órgano Consultivo baixo a tutela do Director Deportivo.

- O Sr. Serén Mera indica que no tema da contratación figuran uns interrogantes.

- O Sr. Garrigós Villalba indica que se enviou unha versión antiga e xa foron suprimidos.

- O Sr. Fajardo Recouso pregunta se as modificacións introducidas están pactadas.

- O Sr. Garrigós Villalba contesta que están pactados os Estatutos coas Entidades Deportivas, Clubes e faldado co Grupo Municipal do PSdG-PSOE, excepto nun apartado.

- O Sr. Farjardo Recouso pregunta se a Representación dos Grupos Municipais debe ser do grupo municipal.

- O Sr. Garrigós Villalba contesta que pode modificarse a redacción e incluír a posibilidade de que sexa un Concelleiro ou persoa designada polo Grupo Político Municipal.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes do grupo político municipal do PP, informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdG-PSOE, BNG, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial da Modificación dos Estatutos do Organismo autónomo: Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

- Intervén o Sr. Garrigós Villalba dicindo que houbo unha gran participación, funcionarios, clubs, etc. na redacción desta modificación. Os estatutos precisan dunha modificación ampla para adaptalos á lexislación vixente. Hai un máximo de 15 Concelleiros, 1 Presidente e un órgano consultivo de participación activa e permanente. Existirá un Regulamento de participación interna. Adáptanse os estatutos á Lei de Contratos do 2007, pero a proposta

actual mantén o límite do 5%. Houbo participación e invitación. Aceptáronse moitas emendas e hoxe presentase aquí.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que EU ten formulada unha emenda á totalidade. Cren que é un paso cara unha estrutura presidencialista e discrepan do conxunto dos Estatutos e debe alcararse cal é o futuro da FPSDM. Dúas persoas teñen poder executivo (Presidente e Director Deportivo) e fiscalizarán o organismo e non debería aprobarse de momento o prezo público da piscina.

- Intervén o Sr. Abuín Rodríguez dicindo que o BNG presentou unha modificación. Isto é unha involución no tema democrático, non vai haber decisión nos deportistas. Eliminan o Consello da Xerencia que se reunía cada 15 días e estaba formado por 7 persoas. A Xunta Rectora substitúe ao Consello Reitor, agora será cada 3 meses e iso non facilita o seguimento do deporte.

O Presidente propón e o Alcalde nomea o Director Deportivo. O Presidente poderá formalizar convenios e contratos de obra, bens, servizos, etc. cando o seu importe non supere o 5% dos recursos ordinarios e ata 6.000.000 €, e exercicio de accións administrativas e xudiciais.

O Pleno non ten capacidade de decisión, isto non hai por onde collelo e o BNG vai a votar en contra.

- Intervén o Sr. Serén Mera dicindo que o PSdG-PSOE tamén se solidariza con Willy Meyer. Continúa dicindo que os actuais estatutos son eficientes para o fin que foron creados, houbo un alto nivel de participación e democracia. Con lixeiros reaxustes poderían modificarse. Estivo a FPSDM sen reunirse durante catro meses. A proposta foi estudada. As conclusións principais é unha vontade absolutista de establecer un control do Consello e atribuírse potestades de contratación. Redúcense os nomeamentos ao Pleno. Redúcese a voz aos clubs e reunírase o Consello Reitor cada tres meses e agora é cada quince días.

O PSdG-PSOE fixo aportacións e o novo borrador inclúe algunha emenda. Os socialistas non chegaron a un consenso no Consello Reitor no que deberían estar AA.VV., ANPAS, etc., por que non houbo xuntanzas con colectivos distintos de clubs.

Consideran lícita a proposta, pois os Estatutos actuais son válidos, o Consello Consultivo é interesante, non así a redución dos órganos colexiados e representación.

O Grupo Municipal do PSdG-PSOE vai a absterse.

- Intervén o Sr. Garrigós Villalba dicindo que o órgano consultivo da cabida a todas as entidades deportivas e ANPAS, AA.VV., profesores de colexios, etc., recóllense as demandas dos usuarios do deporte, participaron e invitaron a participar a todos. Márcase o perfil do Director Deportivo e as funcións poden variarse a través da RPT do Pleno.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que o Consello Consultivo é un experimento e parece para curar as feridas. E de xustiza que haxa capacidade de xestión, líquídase un órgano participativo e EU fará na exposición pública alegacións.

- Intervén o Sr. Abuín Rodríguez dicindo que a Lei pon un listón pero pode adaptarse, a lexislación marca máximos, pero isto é algo personalista.

- Intervén o Sr. Serén Mera dicindo que o PSdG-PSOE aposta polos actuais Estatutos, estes novos estatutos non melloran nada, é unha involución democrática. O control político será maior. O Alcalde vai nomear 2 membros do Consello Reitor.

- Intervén o Sr. Garrigós Villalba dicindo que o órgano consultivo ten representantes no órgano de decisión e leva alí a opinión de todos.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que non están obrigados a manter alí o voto do Consello Consultivo.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ó grupo político municipal do PP (10), cinco abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE (5), e cinco votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do BNG (3) e EU (2),

ACÓRDASE:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Modificación dos Estatutos do Organismo autónomo: Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

Segundo: Expoñer ao público dito acordo mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxerencias polos interesados, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de bases de réxime local.

Terceiro: No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobado definitivamente o regulamento sen necesidade de novo acordo, conforme ao artigo 49 da Lei 7/85, non entrando en vigor ata a publicación do texto completo no BOP e unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

6.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor seguinte:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA

Esta Alcaldía-Presidencia, coa habilitación contida no artigo 106.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, e artigo 127 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, redacta a presente Memoria que integrará o expediente de modificación do ACORDO REGULADOR Nº 17 DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE VILAGARCIA DE AROUSA E OUTROS SERVIZOS.

A modificación proposta obedece á necesidade do cumprimento do contrato asinado coa empresa concesionaria da piscina municipal SERVIOCIO, CULTURA, DEPORTE E RECREACIÓN, SL, no que se refire ó incremento das tarifas contidas no art. 7 do Acordo Regulador nº 17. Polo que se refire á modificación da redacción dos artigos 3, 7 *in fine* (nota) e 13, así como do incremento das tarifas da piscina (IPC do 3'3% xaneiro/2010 – xaneiro/2011). Con estas modificacións preténdese clarificar a redacción do art. 3, delimitar as circunstancias que afectan á revisión de prezos da piscina municipal en relación o art. 7 *in fine* (nota), e no

art. 13 recolle as delegacións na Xunta Rectora ou na Junta de Goberno Local para determinados casos.

Acompáñase ó expediente proposta do Sr. Presidente da Fundación de Deportes sobre as citadas modificacións, debendo ser dictaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

Dáse conta así mesmo da Proposta do Presidente da Fundación de Deportes, do teor seguinte:

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E OUTROS SERVIZOS.

As necesidades da Fundación de Deportes fan necesario a modificación do Acordo Regulador nº17 en vigor para recoller as seguintes situacións:

PRIMEIRO: Modificación da redacción do artigo 3 para unha mellor definición do feito que dará lugar a aplicación do acordo regulador.

SEGUNDO: Actualización das tarifas da piscina para recoller o incremento do IPC, segundo establece o ordenamento xurídico e o contrato de xestión de servizo público aprobado polo Pleno da Corporación.

As tarifas incrementáanse un 3,3% de conformidade coa variación do IPC de xaneiro de 2010 a xaneiro de 2011. Estas tarifas aplicaranse unha vez entre en vigor a modificación do Acordo Regulador.

TERCEIRO: Modificar o artigo 13 relativo á delegación de competencias na Xunta Rectora o una Xunta de Goberno Local, para delimitar as circunstancias que afectan á competencia dun ou doutro órgano. Neste sentido recollese as delegacións establecidas no anterior acordo regulador, incorporando a delegación da revisión de prezos conforme IPC das tarifas da piscina, en relación a nota do artigo 7 do presente Acordo Regulador e de conformidade co contrato de xestión de servizo público.

Por último, resultando que o estudo económico da ordenanza presenta deficit, é dicir o prezo público non cubre o custo da prestación do servizo, propónse a súa aprobación por considerar que se trata de fomentar o deporte entre os cidadáns, como actividade que facilita é promove o benestar físico, as relación sociais e a formación integral de toda persoa, polas súas características de ocio, saúde, formación, Tratándose polo tanto dunha actividade de interese Público.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes do grupo político municipal do PP, informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE, BNG, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial da Modificación do Acordo Regulador do Prezo Público pola Utilización das instalacións deportivas municipais.

- Intervén o Sr. Garrigós Villalba dicindo que se debateu no último Pleno e cambiáronse os artigos 3 e 13.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que hai unha sentenza que culpabiliza á piscina do accidente de dous traballadores. É necesario que se decida no Pleno e non na Xunta de Goberno Local os incrementos do prezo.

EU quere que lles digan cales son os colectivos desfavorecidos do Artigo 7, en cambio, sae prexudicado o Concello na actualización do canon.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dicindo que no Pleno anterior tróuxose a subida de prezos e agora non se muda a proposta. Mudou a reorganización do Pleno que se fixo o Grupo do Partido Popular cunha maioría absoluta que non ganou nas urnas. O BNG entende que mentres non se aproben os Estatutos da FPSDM débense respectar os actuais organismos. Entenden que é un tema que debe tratarse pola Xunta Rectora actual e deben estudalos incrementos e non se fai.

Se queren usurpar competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local e vai facer uso dunha frase do Alcalde cando era oposición. Na acta do 25 de novembro de 2010 dicía *solicítase a delegación na Xunta de Goberno Local e agora sería de tolos deixar a competencia na Xunta de Goberno Local.*

Canto cambiou o conto. O BNG vai votar en contra, hai que buscar fórmulas que non sangren á cidadanía e esta instalación e deixa moito que desexar.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSdG-PSOE vai a votar en contra xa que non variou a proposta da Alcaldía.

- Intervén o Sr. Garrigós Villalba dicindo que velan polo funcionamento da piscina. A piscina aumentou o número de horas e estase esixindo mais e faise un seguimento á instalación. No ano 2010 aprobouse na Xunta de Goberno Local o incremento dos prezos.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que ao final non vale de nada que veña a Pleno, pero serve de algo, pois se esixe mais á concesionaria.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ó grupo político municipal do PP (10), e nove votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PSdG-PSOE (4), BNG (3) e EU (2),

ACÓRDASE:

Primeiro:

Aprobar inicialmente a Modificación do Acordo Regulador do Prezo Público pola Utilización das instalacións deportivas municipais.

Segundo:

Expoñer ó público dito acordo mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxerencias polos interesados, en cumprimento do artigo 49 da Lei 7/85 de bases de réxime local, e o RD.2/2004.

Terceiro:

No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobada definitivamente a ordenanza sen necesidade de novo acordo, conforme ao artigo 49 da Lei 7/85 e o RD.2/2004, sendo obxecto de publicación no BOP o texto definitivo, non entrando en vigor ata dita data.

- Incorporárase a Sra. Camiño Pérez.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO E TARIFAS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS. .- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de contas, en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor seguinte:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, ASÍ COMO DOS PREZOS DAS ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS PARA O ANO 2012.

Vistos os informes favorables de Secretaría e Tesourería-Intervención de datas 18/10/2011, esta Alcaldía-Presidencia, ó obxecto de dar cumprimento ó disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais disposicións concordantes, redacta a presente Memoria-Proposta que integrará o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 15 (art. 9) reguladora da TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

1º.- Respecto á modificación das tarifas do art. 9 da O.F. nº 15, propónse o incremento das tarifas actualmente en vigor para o ano 2012, conforme ó cadro de incrementos presentado no concurso de adjudicación do servizo, máis a actualización das tarifas na porcentaxe correspondente o IPC interanual do 3,10% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2010 a xullo/2011) con efectos para o 2012. Finalmente, **sumaráselle ós prezos por m³ así calculados a cantidade de 0,007958 €/m³ e a de 0,036563 na cota fixa mensual de servizo aprobadas no Pleno de 27/10/2005 para amortizar as novas obras de inversión (do ano 2004), que ascenden a 317.795,00 €.**

2º.- Respecto á modificación dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros, propónse o incremento dos prezos actualmente en vigor para o ano 2012, conforme a actualización dos prezos na porcentaxe correspondente o IPC interanual do 3,10% de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2010 a xullo/2011), tamén con efectos para o 2012.

En base ao exposto propónse á Comisión Informativa de Xestión Económica, Recursos Humanos e Especial de Contas, que se ditamine favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta do art. 9 da Ordenanza Fiscal nº 15 Reguladora da Taxa por Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal nº 15 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de

que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes do grupo político municipal do PP, informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE, BNG, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial da Modificación da Ordenanza Fiscal nº 15 Reguladora da taxa polo subministro de auga potable a domicilio e tarifas das acometidas, contadores e outros.

Realízase debate conxunto de ambas ordenanzas.

- Intervén o Sr. Pardal García explicando ambas ordenanzas e dicindo:

- En relación coa taxa por subministro de auga potable a domicilio: Con data 13 de xaneiro de 1993, procedeuse á adxudicación da concesión municipal do servizo de abastecemento de auga potable a domicilio á Empresa ESPINA Y DELFÍN, S.L. polo prazo de 25 anos, sendo prorrogado con data 25 de maio de 2006 por 20 anos mais.

No prego de adxudicación, na súa cláusula 88 a, establécese que o factor de gastos revisarase de acordo coas variacións que experimente o índice xeral de precios de consumo. A empresa concesionaria presente a solicitude con data 18 de agosto de 2011.

En dito escrito a empresa concesionaria, propón o incremento das tarifas da Ordenanza Fiscal nº 15 reguladora da Taxa por subministro de auga potable a domicilio para o ano 2012.

O incremento para o ano 2012 das tarifas actuais, recollidas no artigo 9 da ordenanza fiscal, farase en base á porcentaxe de incremento de I.P.C. interanual entre xullo de 2010 e xullo de 2011, sendo este dun 3,10%.

Para o cálculo das tarifas a aplicar no ano 2012, partírase de descontar ó prezo aplicado no ano 2011, a cantidade correspondente en concepto de amortización de inversións para o ano 2011 (0,0866) e aplicarlle o I.P.C. do 3,10%, debendo volver a sumarlle a cantidade para amortización de inversión para o ano 2012, que será de 0,0909 (0,0866 + 5% = 0,0909).

Con motivo da amortización das novas obras de inversión realizadas no ano 2004, por importe de 317.795,00 €, consistentes fundamentalmente na conexión de tubaría de auga potable entre Vilanova e Vilagarcía pola C-550, ós prezos así calculados, sumaráselle a cantidade de 0,007958 € por m³ de consumo, e a cantidade de 0,036563 € á cota fixa.

En base ó exposto, propónse a modificación do artigo 9 da Ordenanza Fiscal nº 15 reguladora da taxa polo subministro de auga potable a domicilio, quedando as tarifas tal e como figuran no informe de Tesourería e Intervención.

En base ó exposto, propónse a modificación do artigo 5 da ordenanza fiscal nº 26 da taxa de depuración de augas residuais.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que o ano pasado o Sr. Fole dicía que as amortizacións deberían pagarse con recursos propios e votou en contra.

En situación excepcional o Goberno reduciu o soldo aos funcionarios e a Espina y Delfín se lles incrementa a auga.

Pregunta ao PP que pasou para que cambiaran de postura.

EU vaise a opoñer igual que fai un ano.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que en febreiro o PP abstívose e en novembro votou en contra neste tema.

A amortización debería retirarse da taxa. Pode haber alegacións que retrasarían a entrada en vigor da taxa.

O PP é negligente na tramitación.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que no pleno de novembro de 2010 o PP rexeitou a taxa e a empresa presentou un recurso e di ao Grupo de Goberno ¡quén te veu e quen te ve!

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9) e PSdG-PSOE (5), tres abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipais do BNG (3), e dous votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal de EU (2),

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta do art. 9 da Ordenanza Fiscal nº 15 Reguladora da Taxa por Subministro de Auga Potable a Domicilio, así como dos Prezos das Acometidas, Contadores e Outros.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal nº 15 así como dos prezos das Acometidas, Contadores e Outros no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012.

- Incórpórase o Sr. Garrigós Villalba

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 26 REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.- Pola Sra. Secretaria

dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor seguinte:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 26 REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O ANO 2012.

Vistos os informes favorables de Secretaría e Tesourería-Intervención de datas 18/10/2011, esta Alcaldía-Presidencia, ó obxecto de dar cumprimento ó disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais disposicións concordantes, redacta a presente Memoria-Proposta que integrará o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 26 (art. 5) reguladora da TAXA DE DEPURACION DE AUGAS RESIDUAIS para o ano 2012.

As modificacións propostas consisten no seguinte:

No incremento das tarifas actualmente en vigor contidas no art. 5 da Ordenanza para o ano 2012 na porcentaxe correspondente ó IPC interanual de xullo a xullo (na presente proposta de xullo/2010 a xullo/2011). Ás tarifas así obtidas sumaránselle as seguintes cantidades:

1.- AMORTIZACIÓN DAS NOVAS OBRAS DE INVERSIÓN (178.973,00 €) E AUMENTO CUSTO DO TRATAMENTO DE FANGOS (58.233,00 €/ANO 2004 E 60.579,79 €/ANO 2005): TOTAL 297.785,79 €:

- No m³ de auga tratada: 0,002592 €/m³
- Na cuota fixa mensual: 0,086729 €/ab.mes

2.- POR AUMENTO CUSTO DO TRATAMENTO DOS FANGOS PARA O ANO 2012:

- No m³ de auga tratada: 0,007947 €/m³.
- Na cuota fixa mensual: 0,265939 €/ab.mes.

En base ao exposto propónse á Comisión Informativa de Xestión Económica, Recursos Humanos e Especial de Contas, que se dictamine favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do at. 5 da Ordenanza Fiscal Nº 26 Reguladora da Taxa de Depuración de Augas Residuais para o 2012. Polo que se refire o custo derivado do consumo eléctrico que supón para a empresa a posta en funcionamento o 15/04/2008 do servizo de raios ultravioleta instalados na EDAR, deberá instarse pola empresa concesionaria o seu resarcimento para o cal deberá aportar o seu escrito toda a documentación xustificativa que motivou o incremento dos custos derivados do consumo eléctrico para a súa fiscalización/comprobación polos servizos técnicos municipais a fin de determinar a viabilidade da repercusión dos mesmos os beneficiarios do servizo vía tarifa.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal nº 26 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións consta a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de

ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación de conformidade coa normativa legal vixente.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes do grupo político municipal do PP, informan favorablemente.
As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE, BNG, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial da Modificación da Ordenanza Fiscal nº 26 reguladora da taxa de depuración de augas residuais.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (10) e PSdG-PSOE (5), tres abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal do BNG (3), e dous votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal de EU (2) ,

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación exposta das tarifas do at. 5 da Ordenanza Fiscal Nº 26 Reguladora da Taxa de Depuración de Augas Residuais para o 2012. Polo que se refire o custo derivado do consumo eléctrico que supón para a empresa a posta en funcionamento o 15/04/2008 do servizo de raios ultravioleta instalados na EDAR, deberá instarse pola empresa concesionaria o seu resarcimento para o cal deberá aportar o seu escrito toda a documentación xustificativa que motivou o incremento dos custos derivados do consumo eléctrico para a súa fiscalización/comprobación polos servizos técnicos municipais a fin de determinar a viabilidade da repercusión dos mesmos os beneficiarios do servizo vía tarifa.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal nº 26 no Taboeiro de Editos do Concello, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións constra a aprobación inicial destas modificacións, elevaráse a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación de conformidade coa normativa legal vixente.

Procédese a retirar o seguinte asunto da Orde do Día:

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE IVIL SOBRE MELLORA DE SERVIZOS NO VIAL DE ACCESO AO PORTO E REDE E ENLACES AO MESMO..-

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE, SOBRE AS POLÍTICAS EN MATERIA DE CONTROL DO GANDO MOSTRENCO NOS MONTES DE VILAGARCÍA. .- Pola Sra. Secretaria dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas , en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, coa data de 24 de outubro de 2011, do teor seguinte:

MOCIÓN: Sobre as políticas en materia de control do gando mostrenco nos montes de Vilagarcía

Tania García Sanmartín na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

Exposición de motivos

A práctica da gandería mostrenca é unha actividade que ven de antigo nos montes galegos e que a día de hoxe segue sen estar controlada, i é necesaria unha normativa que substitúa á actual que data de 1.905.

A presenza de gando mostrenco nos montes de Vilagarcía, máis concretamente no Xiabre e Meda, está a xerar nos últimos tempos unha serie de perxuizos aos veciños de Castrogudín: destrozos nos cultivos, incidentes de tráfico, problemas de salubridade polo facelemento dos cabalos, etc. A dificultade para localizar aos propietarios deste gando, ven dado pola ausencia do chip identificador nos animais e pola ausencia de marcas que determinen os donos dos cabalos. A identificación é absolutamente necesaria para poder reclamarlle os danos aos propietarios.

A gandería mostrenca é unha actividade ancestral nos montes galegos, pero precisa unha regulación máis estrita que favoreza unha correcta xestión desta actividade, que poida contribuír aos desbroces de zonas forestais co conseguinte aforro económico, que protexa aos propios animais para que non sufran episodios de maltrato pola colocación ilegal de cepos nas patas das femias e matanzas indiscriminadas e que promova esta actividade que xenera beneficios grazas ao interese turístico e cultural dos curros.

É por este motivo polo que propoño ao Pleno desta Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO:

O Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa insta á Xunta de Galicia para que :

1.- A Xunta de Galicia, que ten as competencias exclusivas en materia de gandería, esixa aos propietarios o cumprimento do Regulamento 504/2008 que obriga a identificar aos cabalos cun sistema de microchip.

2.- A Consellería do Medio Rural, coma órgano competente, proceda ao decomiso e retirada dos montes do gando que non estea correctamente identificado ou saneado.

3.- A Xunta de Galicia inclúa no anteproxecto de Lei de montes a regulamentación normativa dos aproveitamentos do monte, para o pastoreo do gando en réxime de liberdade ou semiliberdade, para que se estableza un marco legal axeitado que regule esta actividade.

4.- A Xunta de Galicia inclúa no anteproxecto de Lei de montes a necesaria autorización previa das Comunidades de monte para o pastoreo do gando mostrenco nos seus montes.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, informan favorablemente. As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP, BNG, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre as políticas en materia de control do gando mostrenco nos montes de Vilagarcía.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que a Moción está respaldada por 216 veciños de Castro de Agudín reclamando á Xunta de Galicia o exercicio das competencias e que se identifique aos cabalos.

O borrador da Lei de Montes establece como competencia dos Concellos recoller estes cabalos, pero estes animais causan danos cando baixan ás zonas habitadas.

- Intervén o Sr. Fajardo REcouso dicindo que EU apoia a proposta porque é un tema importante polo que significa que esta actividade desfaga o traballo de días e semanas dos traballadores do campo e ademais defenden tamén aos animais, pois o culpable é o ser humano.

- Intervén o Sr. Abuín Rodríguez dicindo que a existencia de gando mostrenco data da prehistoria, cos romanos xa se celebraban os curros. Hai moitos curros. Esta actividade é positiva se está regulada. A lei actual é de 1.905 e hai graves danos nas colleitas, provoca lumes intencionados, disparos, acoitelamentos de cabalos e un perigo para a circulación vial. Esta actividade é beneficiosa para os montes e debería ser impulsada pola Administración e podería facerse pola Lei de Montes. A Xunta de Galicia pretende entregar os montes abandonados a empresas de enerxía para a plantación de eucalipto e conleva que a auga non chegue á capa freática, e conleva prexuízos á terra lindeira co monte.

A lei de montes debe recoller o marcaxe do gando mostrenco, a obrigatoriedade do saneamento dos animais, a obrigatoriedade do valado dos montes e o pago dun canon por utilizar eses terreos. Contar cun seguro de responsabilidade civil e cando non estea ben o gando se proceda ao decomiso do mesmo. O Concello debería identificar aos propietarios do gando e retiralo, gardando nun lugar e logo a subasta ou sacrificio e os servizos xurídicos deben colaborar nas reclamacións xurídicas, e proceder á retirada e custodia dos animais que sufran malos tratos.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que o PP apoia aos veciños de Vilagarcía (Castrogudín). É unha moción do PSdG-PSOE que o PP comparte. Hai unha lexislación que

obriga a identificar aos animais cun microchip e está subvencionado pola Xunta de Galicia, e en caso contrario debese sancionar aos propietarios dos cabalos.

A nova lei de montes o que fai a maiores son medidas como regular o aproveitamento do monte de pasto, promover valados gandeiros, etc.

Van a votar a favor da moción.

En canto á emenda do BNG de engadir que o Concello asuma as competencias da Xunta de Galicia, van a votar en contra.

- Intervén a Sra. García Sanmartín pedindo que se vote por separado.

- Intervén o Sr. Abuín Rodríguez dicindo que hai que falar claro, á Sra. Rodríguez Arias lle molesta que o Concello teña que gastar en solucionar isto. A Xunta de Galicia non vai a facer nada.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que deberán evaluar economicamente as propostas do BNG e despois poderase falar.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde a Moción do PSdG-PSOE da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE e instar á Xunta de Galicia para que

- 1.- Esixa aos propietarios o cumprimento do Regulamento 504/2008 que obriga a identificar aos cabalos cun sistema de microchip.
- 2.- Que a Consellería do Medio Rural, coma órgano competente, proceda ao decomiso e retirada dos montes do gando que non estea correctamente identificado ou saneado.
- 3.- Inclúa no anteproxecto de Lei de montes a regulamentación normativa dos aproveitamentos do monte, para o pastoreo do gando en réxime de liberdade ou semiliberdade, para que se estableza un marco legal axeitado que regule esta actividade.
- 4.- Inclúa no anteproxecto de Lei de montes a necesaria autorización previa das Comunidades de montes para o pastoreo do gando mostrenco nos seus montes.

A seguir polo Sr. Alcalde sométese a votación a emenda do Grupo Municipal do BNG, seguinte:

EMENDAS DE ADICIÓN Á MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE DE VILAGARCÍA, TITULADA "SOBRE AS POLÍTICAS EN MATERIA DE CONTROL DO GANDO MOSTRENCO NOS MONTES DE VILAGARCÍA"

5º.- *Instar á Xunta de Galicia para que no anteproxecto da nova Lei de Montes se recollan os seguintes puntos:*

- *Obrigatoriedade do marcaxe do gando mostrenco, coa identificación do propietario. No caso dos équidos, en función do disposto no Regulamento (CE) nº 504/2008, deberá realizarse cun traspondedor.*
- *Obrigatoriedade do saneamento dos animais, do mesmo xeito que se estivesen establecidos.*
- *Obrigatoriedade do valado das zonas de pastoreo, que impida ás reses a saída de ditas zonas.*
- *Obrigatoriedade de contar coa autorización dos propietarios do monte, e do pago dun canon pola utilización dos terreos.*

- *Obrigatoriedade de contar cun seguro de responsabilidade civil que responda dos danos que puidera producir o gando.*
- *Decomiso do gando que incumpra a normativa.*

6º.- *Instar á Xunta de Galicia a que se manteña con carácter indefinido as axudas para marcaxe de équidos contempladas na Orde do 7 de abril de 2010 da Consellería de Medio Rural.*

7º.- *Mentres estes aspectos non sexan recollidos na lexislación ó respecto, o Concello de Vilagarcía se compromete a:*

- *Proceder á identificación dos propietarios do gando mostrenco que cause danos. De non conseguilo, á retirada e custodia do gando.*
- *Habilitar unhas instalacións nas que se poida custodiar o gando retirado do monte, ata que se cumpran os trámites previos á subasta e/ou sacrificio, logo de que a Consellería de Medio Rural o autorice.*
- *Poñer ó servizo dos veciños prexudicados os servizos xurídicos do Concello para facilitarlles a tramitación das reclamacións pertinentes.*
- *Proceder á retirada e custodia do gando que está a sufrir episodios de maltrato como os tristemente famosos cepos, que en ocasións chegan a seccionar a pata do animal, e que están estritamente prohibidos na lexislación actual.*

VOTACIÓN.- Dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3) e EU (2) e dez votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (10)

Repetida a votación dá o mesmo resultado polo que co voto de calidade do Sr. Alcalde,

ACÓRDASE: Rexeitar a emenda presentada polo Grupo Municipal do BNG.

Intervén un representante dos veciños de Castro de Agudín para explicar a problemática do gando mostrenco.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDG-PSOE, SOBRE O MANTEMENTO DO PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE coa data de 24 de outubro do teor seguinte:

MOCIÓN: Sobre o mantemento do Programa de compostaxe doméstica

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:
Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

Exposición de motivos

O Goberno municipal de Vilagarcía na anterior lexislatura iniciou o pasado ano un Programa de compostaxe doméstica co obxectivo de contribuír á redución do lixo en orixe e por tanto a un aforro económico para o concello, ademais dos beneficios medioambientais que supoñen a redución das emisións por CO2 e o uso dun abono natural para os cultivos fronte ao uso de fertilizantes químicos. Nesta experiencia piloto da pasada lexislatura o Goberno municipal puxo a disposición dos veciños 110 composteiros de xeito gratuito, ademais de organizar unha xornada formativa sobre os beneficios da compostaxe. O custe desta iniciativa non superou os dez mil euros e tanto os beneficios medioambientais, coma o aforro a longo prazo supera amplamente este investimento. Coa finalidade de implementar o Programa de compostaxe doméstica, a concellería de Medio Ambiente presentou a principios do presente ano unha solicitude de subvención á Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos. No proxecto presentado solicitábase, ademais de máis composteiros, a contratación dun servizo de información, control e seguemento do programa de compostaxe. A día de hoxe, e través dos medios de comunicación, o actual goberno informou que a Xunta denegara a solicitude do Concello.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista **somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte o seguinte **ACORDO**:

- a) Instar á Xunta de Galicia a manter a liña de axudas para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, priorizando a aqueles concellos que presenten iniciativas que supoñan ademais dunha redución do lixo en orixe un tratamento alternativo dos residuos máis beneficioso para o medio ambiente.
- b) Instar ao Goberno Local de Vilagarcía a continuar co Programa de compostaxe doméstica que contribúa á redución a cantidade de residuos que vai ás prantas de tratamento cos obxectivos de diminuír a factura da recollida dos residuos sólidos urbáns, diminuír as emisións de CO2 e o uso de fertilizantes químicos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE e EU informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP, BNG e IVIL din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre o mantemento do Programa de compostaxe doméstica.

- Intervén a Sra. García Sanmartín que le a moción e quere saber que xestións se fixeron ante a Consellería, pois a outros Concellos si lle deron a subvención.

Di que o PSdeG-PSOE quere manter o programa e queren saber se hai interese e se se vai a facer algunha xestión ante a Xunta de Galicia.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que EU apoia a moción. Era unha iniciativa de EU a compostaxe doméstica nos acordos que asinaron co bipartito. Este programa debe modificar a taxa de lixo.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dicindo que o BNG apoia a proposta. É unha iniciativa positiva. O Goberno Local non sabe nada e lle interesa pouco a materia. Dende o 11 de xuño o Partido Popular goberna e xestiona, xa non está en minoría e pídelles que deixen de utilizar o tema das débedas. O PP prometeu un cambio e o BNG pensa que é para peor. Di que se suman á iniciativa do PSdG-PSOE.

- Intervén o Sr. Longa Sánchez dicindo que cando o PP chegou ao goberno encontrouse o tema da compostaxe paralizada, sen saber se ía a ser subvencionado. O 18 de febreiro solicitouse unha subvención cun orzamento de 40.000 €. Os 10.000 € foron malgastados. Fixeron xestións ante a Xunta de Galicia e encontráronse co tema paralizado. O día 14 a Xunta de Galicia contestou e di que o proxecto non se axusta ás bases da subvención, e non acadou a puntuación mínima.

O Grupo de Goberno está coa intención de seguir e vai haber no 2012 unha nova convocatoria e farase un seguimento dos composteiros.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que se fixo un curso de horta ecolóxica e logo entregaron os composteiros aos veciños que estaban interesadas. 110 familias teñen un composteiro e logo compráronse 30 composteiros e iso para o PP é malgastar.

- Intervén o Sr. Longa Sánchez dicindo que non quixo dicir malgastados, pero se non se utilizan é malgastar o diñeiro. A Sra. García Sanmartín fixo un seguimento dos composteiros. A actual técnica de Medio Ambiente non sabía por que estaba paralizado e hai que poñelo en marcha e solicitar axudas.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo ao Sr. Longa que non tiña nin idea do programa de compostaxe. A finais de decembro entregouse a 2º quenda de composteiros e non fixeron nada.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a Moción presentada polo Grupo Municipal sobre o mantemento do Programa de compostaxe doméstica e

a) Instar á Xunta de Galicia a manter a liña de axudas para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, priorizando a aqueles concellos que presenten iniciativas que supoñan ademais dunha redución do lixo en orixe un tratamento alternativo dos residuos máis beneficioso para o medio ambiente.

b) Instar ao Goberno Local de Vilagarcía a continuar co Programa de compostaxe doméstica que contribúa á redución a cantidade de residuos que vai ás prantas de tratamento cos obxectivos de diminuír a factura da recollida dos residuos sólidos urbáns, diminuír as emisións de CO2 e o uso de fertilizantes químicos.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO DO PSDEG-PSOE SOBRE O MANTEMENTO DOS CENTROS EDUCATIVOS DE VILAGARCÍA.- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Traxectoria e Benestar, en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE coa data de 24 de outubro de 2011, do teor seguinte:

MOCIÓN: Sobre o mantemento dos centros educativos de Vilagarcía

Tania García Sanmartín na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de xaneiro de 2006 foi asinado un Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) polo que se establece o contido e desenvolvemento do Pacto Local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia. Estámonos a referir ao apartado E), que di o seguinte:

E) Asunción dos custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria

Daquela, no goberno de Touriño, a Xunta de Galicia asumíu os custes relativos á calefacción dos centros de Primaria o que permitiu aos concellos dispoñer da totalidade desa partida para outros fins.

Sen embargo, Feijoo paralizou o avance iniciado no Pacto Local polo que seguen nas mans dos concellos importantes partidas aricadas ao mantemento dos centros de ensinanza primaria (limpeza, obras, persoal,...).

De aí que entendamos necesaria a presentación desta moción que, nuns tempos nos que a crise económica afecta de modo especial aos concellos, solicite que se retome o camiño iniciado no cumprimento do Pacto Local en materia educativa.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta **MOCIÓN**, para que este adopte os seguintes **ACORDOS**:

Instar a Xunta de Galicia a:

- **Retomar o camiño emprendido no cumprimento do Acordo entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), asinado o 20 de xaneiro de 2006, polo que se establece o contido e desenvolvemento do Pacto Local que rexerá na Comunidade Autónoma de Galicia, nomeadamente no que atinxe á Área de Educación.**
- **A presentar no presente ano un plan a través do cal a Xunta de Galicia asuma progresivamente o mantemento dos centros de ensinanza primaria indicando calendario de aplicación, partidas de referencia (limpeza, obras, persoal,...) e criterios a seguir.**

VOTACIÓN:

As/os representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, informan favorablemente. As/os representantes dos grupos políticos municipais de PP, BNG, EU-IU e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre o mantemento dos Centros Educativos de Galicia.

- Intervén a Sra. García Sanmartín lendo a moción e dicindo que o motivo da mesa é a queixa dos Directores dos Colexios de Vilagarcía, pola ausencia de obras nos colexios públicos.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que EU apoia a moción do PSdG-PSOE. Os colectivos de Pais e Nais piden melloras nos colexios, isto é responsabilidade do Concello. O Concello non ten un plan integral do mantemento dos centros públicos.

Na Escola de Educación Infantil estábese pintado os primeiros días cos rapaces dentro e noutro centro estábese limpando a fachada con auga a presión cos rapaces dentro. Deben delimitarse as competencias da Xunta de Galicia e do Concello.

- Intervén a Sra. Lorenzo Fraga dicindo que o BNG apoia a Moción e fixo falta moitos anos para que se puidera falar do Estado de Benestar (educación, sanidade, servizos sociais) que ten competencia a Xunta de Galicia.

No tema da Educación hai unha intención de lapidar o ensino público, atacando o idioma galego, eliminando a gratuidade dos libros de texto, redución de profesorado.

Estes recortes veñen auspiciados pola austeridade, pero debe controlarse o gasto improdutivo, pero non o educativo. Danse mais recursos no ensino privado e concertado. Que o Goberno Local esixa á Xunta de Galicia asumir as competencias do pacto local.

O BNG vai a apoiar a Moción do PSdG-PSOE.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dando as grazas a todos pois segundo eles que malo é o Sr. Feijoo. É unha demostración de que esta Moción está en campaña. É curioso escoitar que é preciso controlar o gasto, que pena que sexa agora cando se deron conta.

Hai que liberar ao Concello de gastos. Agora presentan esta Moción do pacto local, pero non estamos de acordo con ese punto e). O PP está de acordo con que a Xunta asuma o gasto dos colexios pero non van a aceptar a moción.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que a educación é un dereito básico. Construíuse un colexio, escola de idiomas e tres comedores escolares na época do Sr. Touriño. Vilagarcía de Arousa segue ninguneada nos Orzamentos de 2012 da Xunta de Galicia.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3) e EU (2) e dez votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (10)

Repetida a votación dá o mesmo resultado polo que co voto de calidade do Sr. Alcalde,

ACÓRDASE: Rexeitar a Moción do Grupo Municipal do PSdG-PSOE sobre o mantemento dos centros educativos de Vilagarcía.

16.- COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, DONA ANGELES RODRÍGUEZ BARREIRO.- O Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 29 de setembro de 2011 aprobou a comparecencia da Concelleira Delegada de Cultura Dona Flora M^a de los Angeles Rodríguez Barreiro.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que no Departamento de Cultura so se autorizan salas de conferencias e grupos de gaitas e pregunta ¿Que fai a Concelleira de Cultura? ¿Cal é a súa actividade?.

EU solicitou o acceso ás contas das festas e hai cuestións preocupantes, e non aparece o nome da Concelleira nos contratos. O Concelleiro para a provisión de fondos foi o Sr. Pardal. Os contratos e a fórmula incumpren a Lei de Contratos (Producciones Independientes Culturales e Pirotecnica Penide).

O contrato para a actuación de Maldita Nerea se fai cun contrato privado incumprindo a Lei de Contratos e asínase o día 8 de agosto de 2011 e tiñase publicitado no mes de xullo.

Pregunta como se xestionou á actuación posterior.

Nas festas gastáronse 3.000 € en augardente e 1.000 € para o pregón.

Pregunta se había contrato para as barracas e tamén pregunta polo gasto de iluminación con Iluminaciones Umia.

- Intervén a Sra. Rodríguez Barreiro dicindo que os 1.000 € do pregón foron doados polo pregoeiro á Asociación BATA. Di que tomaron posesión o 11 de xuño de 2011 e as festas tiveron aceptación en Vilagarcía, pola premura de tempo e escasez de cartos e os traballadores municipais volcaronse en axudar.

Non fixo falta contratar a ningunha axencia e di que antes EU non pedía a comparecencia do Concelleiro de Cultura.

O PP gastou 185.000 € e neste orzamento están a compra de 500 cadeiras e a Noite Meiga.

Houbo de todo, Combate Naval, desfile de carrozas. Non ten unha axencia externa que se levou noutros anos 80.000 €. As facturas pendentes de pago en Cultura eran de 400.000 € en agosto. A actividade cultural que se encontrou no mes de xuño foi a perda da Rede de AGADIC e o Grupo de Goberno están retomando para o 2012. A Caixanova se lle deben 120.000 € aproximadamente dos Convenios do Auditorio.

Di que a acusaron de paralización pero no ano 2009 gastouse mais que no 2008 e o Sr. Fajardo non dixo nada. Di que está satisfeita coas festas de San Roque realizadas.

No ano 2010 houbo provisión de fondos e o Sr. Fajardo non dixo nada, e tampouco dixo nada da Noite Meiga do 2010.

A situación económica non lle deixa marxe para moitos eventos culturais.

Informa que se está en contacto cunha soprano para facer actuacións no Auditorio.

- Intervén o Sr. Castro Ratón Dicindo que é de moi mal gusto político esquivar responsabilidades culpando ao seu predecesor. Non pode culpase aos demais da falta de actividade do segundo semestre. Os pregóns anteriores non tiveron gasto algún para o Concello.

Cando fala de axencia externa trátase dunha persoa que era unha asistencia técnica que era á súa vez un elemento de xestión.

Non se pagaron os convenios con Caixanova e non é responsabilidade do Goberno anterior. O orzamento da Concellería é mais de 900.000 € e polo tanto quedaríanlle 400.000 €. Que a Concelleira actual asuma a súa responsabilidade.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que ao PSdG-PSOE comprácelle que se fale de cultura ou de ausencia de cultura e programación cultural. Hai que facer unha certa contención do gasto. O pregoeiro doou a BATA o importe, pero o pregoeiro nun cobrou. Pediron o contrato de Maldita Nerea e non se lles entregou. Como chovía decidiron celebralo en Fexdega e pregunta por que non o fixeron no primeiro momento.

Di que non se fixo Albarousa. VGA Urbán non se fixo. Queren saber o PAK completo de Caixanova. Parécelles moi pouco elegante nunha comparecencia falar da xestión anterior.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que en calquera momento poden acudir a Intervención a ver ese contrato.

Di que se dan mostras de transparencia aos grupos, lles anticipan a información en meses e cando estaba na oposición non lle daban a información e pedíana por escrito.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que é a primeira comparecencia. Tomaron posesión en xuño e hai unha dramática situación da cultura en Vilagarcía, segundo o Sr. Fajardo, pois só foron 69 asuntos de espazos, grupos de gaitas, etc. á Xunta de Goberno Local

No anterior Goberno do Bipartito non ía á Xunta de Goberno Local os asuntos. Con ese record do Concelleiro de Cultura anterior que saía 1 de cada 2 fotos, e agora por que firmou os contratos o Alcalde resulta tan estraño que non os firme a Concelleira de Cultura.

Antes un Concelleiro de Cultura era un Departamento estanco, nun momento determinado os seus compañeiros axudarán á Concelleira de Cultura actual.

A publicidade fixoa o Concello e tamén a Empresa de Maldita Nerea. Antes custaba mais a publicidade que o propio acto cultural. Nunca se quixo facer o concerto en Fexdega e que lle pregunte ao Concelleiro do PSOE de Cultura anterior os motivos, e díxose que se trouxo ese grupo por que lle gustaba a ela. Di que non lle gusta nin é o seu estilo, en Galicia houbo en 3 cidades mais as actuacións dese grupo pero solo foi en Vilagarcía o concerto gratuito.

Di que en Rivas Vaciamadrid, onde goberna EU, o custe foi o mesmo que en Vilagarcía, pero cobráronse 16 € de entrada.

¿EU quería a comparecencia da actual concelleira de Cultura ou do anterior Concelleiro?

O nº 1 do PSOE dixo do Sr. Castro Ratón que sería un concelleiro estupendo con recursos ilimitados.

O Grupo de Goberno ten que explicar a situación actual sen recursos e dicir moitas veces que non ás peticións. A situación de partida é complicada.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que non hai Concelleira de Cultura, so hai a posibilidade AGADIC e o Convenio con Caixanova. A Rivas Vaciamadrid non lle costou nada o concerto e pregunta se hai contrato para as barracas.

A labor da oposición e propoñer. Hai que ter un criterio é unha idea de onde queren chegar e pregunta ¿Cal é o futuro?.

EU vai a continuar coa súa labor. O diñeiro é de todos, é público e queren fiscalización.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a provisión de fondos fíxose a favor do Sr. Pardal e tamén que o Concelleiro de Deportes colaborou coa Concellería de Cultura nas festas.

- Intervén a Sra. Rodríguez Barreiro dicindo que a Sala Rivas Briones está pechada, por que non se deixou unha previsión. Fala con xente que a solicitou en 2008 e 2009 e aínda non expuxeron. Hai 1.500 catálogos sen repartir que teñen un custe importante. O Técnico de Cultura Municipal estaba apartado. Non admite descualificacións a nivel persoal.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que non se pode construír sobre mentiras. O Concelleiro non asinaba contratos. Todo pasa pola Xunta de Goberno Local. Non hai contratos asinados como Concelleiro.

Di ao PP que asuman a súa responsabilidade e non foi o BNG quen pediu a comparecencia.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai pendentes de pago os convenios con NovaGaliciaBanco.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que tiña que comparecer a Sra. Rodríguez Arias.

Sigan a negar a maior. Aos autores de Vilagarcía non os recibía e non hai actividade para expoñer na Sala de Exposicións.

- Finaliza a Sra. Rodríguez Barreiro dicindo que a previsión e que para o ano 2012 a Sala Rivas estea completa.

17.- INTERPELACIONES

Non se presentaron

18.- ROGOS E PREGUNTAS.-

- **Rolda dos Concelleiros:** Polos Concelleiros que se citan a continuación fórmulanse as seguintes preguntas:

- O Sr. Mouriño Santiago di que nas Xornadas de Igualdade que se van a celebrar non pon nin cando, nin onde, nin como.

- Contesta a Sra. Suárez Sarmiento dicindo que falta o programa e se lle enviará a tódolos concelleiros.

- A Sra. Lorenzo Fraga di que os farois do Cemiterio de Cea están sen electricidade e deberían arranxar o tema.

- Contesta o Sr. Longa Sánchez dicindo que está solucionado. Xa está avisado o Xefe de Alumado Público para que se lles dea corrente.

Por parte do público asistente non se formulan preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde, levántase a sesión, sendo as cero horas e cincuenta e cinco minutos, da que se estende a presente acta, e eu como Secretaria dou fe.